



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O MINISTERIO FISCAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL GRATUÍTA NA CIDADE DE LUGO DURANTE O ANO 2016.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial, coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e co Ministerio Fiscal, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social e o Ministerio Fiscal, para o desenvolvemento dun programa de mediación intraxudicial gratuíta na cidade de Lugo, mediante a constitución dun equipo permanente de mediación composto por un/unha psicólogo/a e un/unha avogado/a, integrantes do Gabinete de Orientación Familiar da Consellería de Política Social en Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que as partes coinciden na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos e, máis concretamente, como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar) que tratará de que adopten por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable, considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos nenos/as, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

Neste sentido, considérase que a mediación intraxudicial (aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos nos que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por ter intereses comúns, o que se adapta á perfección aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillos/as menores.





Que para dotar dunha maior eficacia ao proceso de mediación, consideran que se debe constituír un equipo multidisciplinar de mediación no que se integren, por unha banda, xuristas que expliquen ás partes a lexislación aplicable á súa relación e ao mesmo tempo as necesidades e particularidades do proceso, orientando ás partes para acadar un acordo que poida ser validado dentro do proceso civil ao que deberán enfrontarse e, por outra banda, psicólogos/as que poidan resolver os problemas de achegamento e enfoque das partes en conflito, acadando o clima necesario para a negociación.

Que o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro e pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia sinala no artigo 9 que os Gabinetes de Orientación Familiar (GOF) constitúense como un recurso especializado no apoio e promoción da calidade de vida das familias, así como de atención a situacións problemáticas ou de riscos que poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar.

Os gabinetes de orientación familiar, dependentes da Consellería de Política Social, constitúense pois como un recurso público de carácter multidisciplinar, integrados por persoal especializado no apoio e na promoción da calidade de vida das persoas e das familias, e na atención e prevención das diferentes situacións problemáticas que se poidan dar no ámbito da convivencia cotiá. Trátase dun servizo que pretende axudar as familias que así o requiran a solucionar situacións de crise ou conflito, eliminando ou, cando menos, atenuando as consecuencias que estas levan aparelladas, previndo e evitando especialmente a implicación das/dos fillas/os nos conflitos dos seus pais e que actúa como un recurso en estreito contacto cos equipos de atención ao menor, colaborando con eles na atención ás familias de menores susceptibles de ser sometidos a medidas de protección.

Por todo o exposto, as partes consideran que o GOF da provincia de Lugo pode ser un dispositivo fundamental, ou recurso adecuado para o desenvolvemento dun programa de mediación intraxudicial nesta cidade e acordan asinar un acordo de colaboración, que non supón custo económico engadido, co obxecto de establecer as condicións polas que se rexerá o desenvolvemento dun programa de mediación familiar intraxudicial gratuíta na cidade de Lugo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de xuño de 2016.

